

## **ACTA DO TRIBUNAL**

Na Aula de Formación do Concello de Xove, sendo as 9:30 horas do día 30 de xullo de 2019, consonte ao disposto na Resolución de Alcaldía-Presidencia de data 23 de xullo de 2019 constituese o Tribunal Seleccionador do concurso oposición convocado para a provisión de unha (1) praza de administrativo/a ( Persoal funcionario interino por acumulación de tarefas );

Integran o citado Tribunal as seguintes persoas:

Presidente:

D. Alberto Rapa Martínez, Técnico de Recursos Humanos do Concello de Xove.

Vogais:

D<sup>a</sup>. Elena Santos Rey, Interventora Municipal.

D. Luis María Fernández del Olmo, Secretario Municipal.

D. Manuel Peteira González, Tesoureiro Municipal.

Secretario:

D. Pablo Sánchez Lage, Funcionario Municipal

Polo Secretario informase que por Resolución de Alcaldía de data 10 de xaneiro de 2017 obrante no expediente aprobouse a lista de admitidos no procedemento selectivo de razón que a seguir se transcribe:

**MARTA DUARTE GARCÍA**

**VICTORIA VÁZQUEZ DOVALE**

**PATRICIA VIGO MURIEL**

**ISABEL QUIJADA GONZÁLEZ**

**RAMON GUITIAN FERNÁNDEZ**

**NAZARET CASTELAO ALONSO**

**MARÍA PALOMA QUELLE ARAMBURU  
MARTINA GÓMEZ MARTINEZ  
INÉS MARTÍNEZ ROUCO  
MARÍA FÉ SIXTO PERNAS  
MARÍA FERNÁNDEZ VILLARMEA  
BEGOÑA RIVAS VÁZQUEZ  
MIRIAM FERNÁNDEZ GÓMEZ  
ISABEL VICTORIA LAMELAS GARCÍA  
MONTSERRAT FERNÁNDEZ DOCE  
AGOSTIÑO REIOGOSA LOMBAO  
ROSARIO ARRUÑÑADA LOMBARDÍA.  
LUCÍA LÓPEZ PEREIRA  
JUAN RAMÓN HERMO SÁNCHEZ  
BARBARA DONAPETRY CAMACHO**

Polo Tribunal efectúase o chamamento previsto na antedita Resolución de Alcaldía comparecendo os seguintes opositores:

**MARTA DUARTE GARCÍA  
PATRICIA VIGO MURIEL  
NAZARET CASTELAO ALONSO  
MARTINA GÓMEZ MARTINEZ  
INÉS MARTÍNEZ ROUCO  
MARÍA FÉ SIXTO PERNAS  
MIRIAM FERNÁNDEZ GÓMEZ  
ISABEL VICTORIA LAMELAS GARCÍA  
MONTSERRAT FERNÁNDEZ DOCE  
LUCÍA LÓPEZ PEREIRA  
BARBARA DONAPETRY CAMACHO**

En consecuencia quedan excluídos do procedemento aqueles opositores que non comparecen e que a seguir se relacionan:

**VICTORIA VÁZQUEZ DOVALE  
ISABEL QUIJADA GONZÁLEZ  
RAMON GUITIAN FERNÁNDEZ**

**MARÍA PALOMA QUELLE ARAMBURU  
MARÍA FERNÁNDEZ VILLARMEA  
BEGOÑA RIVAS VÁZQUEZ  
AGOSTIÑO REIOGOSA LOMBAO  
ROSARIO ARRUÑÑADA LOMBARDÍA.  
JUAN RAMÓN HERMO SÁNCHEZ**

Polo Tribunal anunciase que o tempo fixado para a realización da proba é de 60 minutos repartíndose o exame elexido polo Tribunal aos opositores presentes.

**EXÁME TEÓRICO CONCURSO OPOSICIÓN PRAZA DE ADMINISTRATIVO/A  
( FUNCIONARIO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREAS).**

**NOME:** .....

**APELIDOS** .....

**D.N.I. :** .....

**Lea con atención:**

- *Lembre que deberá cubrir todos os seus datos de carácter personal.*
- *Lembre que deberá asinar o exercicio en todas e cada unha das súas follas no lugar seguinte ( ángulo inferior esquerdo ao caron do número de páxina ).*
- *Márquese a casilla da opción que estime correcta.*
- *Soamente poderáse marcar unha opción por pregunta xa que no caso de marcar máis de unha considerarase automaticamente fallada a pregunta e na súa consecuencia puntuada negativamente.*
- *No caso de que se queira corrixir unha resposta deberáse escribir á marxe esquerda da opción inicialmente marcada a palabra **anulada** e á marxe esquerda da nova casilla marcada deberase escribir a palabra **definitiva**.*
- *Soamente admitirase unha única corrección por pregunta xa que no caso de realizar máis de unha corrección considerarase automaticamente fallada a pregunta e na súa consecuencia puntuada negativamente.*
- *No exame inclúense tres (3) preguntas de reserva que deberán contestarse e que so se terán en conta no suposto de que, resolvendo un recurso ou alegación presentado por algún participante, sexa anulada polo Tribunal algunha das preguntas do exame. No caso de*

*anularse unha pregunta será tida en conta a primeira pregunta de reserva, en caso de anularse dous preguntas serán tidas en conta as dúas primeiras preguntas de reserva e no caso de anularse tres preguntas serán tidas en conta as tres preguntas de reserva.*

## **PREGUNTAS MATERIAS COMÚNS**

**1ª.- Dos seguintes dereitos ou libertades públicas cal deles non ten a consideración de fundamental na vixente Constitución Española:**

- **Dereito ao segredo das comunicacións.**
- **Dereito á Propiedade Privada.**
- **Dereito á liberdade de cátedra.**

a).- Dereito á liberdade de cátedra.

b).- Dereito á propiedade privada.

c).- Dereito ao segredo das comunicacións.

**2ª.- Conforme ao disposto na Constitución Española e/ou no Estatuto de Autonomía de Galicia a alteración dos límites provinciais dalgunha das catro provincias galegas deberá ser aprobada:**

a).- Por maioría de 2/3 do Parlamento Galego.

b).- Por maioría de 2/3 do Parlamento Galego refrendada por maioría absoluta do Senado.

c).- Polas Cortes Xerais mediante Lei Orgánica.

**3ª.- En que Lei se reflicten e regulan os principios de actuación e funcionamento das Administracións Públicas.**

a).- Lei 39/2015, do 1 de outubro.

b).- Lei 40/2015, do 1 de outubro.

c).- Lei 7/1985, do 2 de abril.

**4ª.- Dos seguintes actos administrativo cal deles non é nulo de pleno dereito:**

- **Os dictados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.**
- **Os que establezan a retroactividade de disposicións sancionadoras non favorables.**

- **Os que incurran en desviación de poder.**

- a).- Os dictados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.
- b).- Os que establezan a retroactividade de disposicións sancionadoras non favorables.
- c).- Os que incurran en desviación de poder.

**5ª.- Respecto do persoal eventual cal das seguintes afirmacións non é correcta:**

- a).- O seu nomeamento e cese serán libres.
- b).- A condición de persoal eventual poderá constituir mérito para o acceso á función pública.
- c).- O persoal eventual so realiza funcións expresamente calificadas como de confianza ou asesoramento especial.

### **PREGUNTAS MATERIAS ESPECÍFICAS**

**6ª.- Que órganos existen en todos os Concellos:**

- a).- O/A Alcalde/sa, os/as Tenentes de Alcalde e o Pleno.
- b).- O/A Alcalde/sa, a Xunta de Goberno Local e o Pleno.
- c).- O/A Alcalde/sa e o Pleno.

**7ª.- A quen corresponde fixar a contía das retribucións complementarias fixas e/ou periódicas dos funcionarios municipais:**

- a).- O/A Alcalde/sa
- b).- O Pleno.
- c).- O/A Interventor/ra Municipal.

**8ª.- Con carácter general a quen corresponde o outorgamento das licencias urbanísticas;**

- a).- O Alcalde/sa.
- b).- A Xunta de Goberno Local.
- c).- Aos Servizos Técnicos Municipais.

**9ª.- A aplicación a un procedemento administrativo da tramitación de urxencia supón:**

- a).- A redución á metade dos prazos establecidos para o procedemento ordinario, agás os relativos á presentación da solicitude e recursos.
- b).- A redución a metade da duración do prazo do trámite de exposición ao público.
- c).- A redución á metade dos prazos establecidos para o procedemento ordinario.

**10ª.- Os actos administrativos serán en todo caso obxecto de publicación cando:**

- a).- Cando o acto teña por destinatario a unha pluralidade indeterminada de persoas.
- b).- Os actos integrantes dun procedemento sancionador por infraccións calificadas como graves o moi graves.
- c).- Ambas respostas son correctas.

**11ª.- A Facenda das Entidades Locais está constituída polos seguintes recursos:**

- a).- Ingresos procedentes do seu patrimonio e demais de derito privado; tributos propios clasificados en taxas, contribucións especiais, impostos e recargos esixibles sobre impostos das Comunidades Autónomas ou de outras entidades locais; participación nos tributos do Estado e das Comunidades Autónomas; subvencións; prezos públicos; produto de operacións de crédito; produto de multas e sancións no ámbito das súas competencias; e demais prestacións de dereito público.
- b).- Ingresos procedentes do seu patrimonio e demais de derito privado; tributos propios clasificados en taxas, contribucións especiais, prezos públicos, impostos e recargos esixibles sobre impostos das Comunidades Autónomas ou de outras entidades locais; participación nos tributos do Estado e das Comunidades Autónomas; subvencións; produto de operacións de crédito; produto de multas e sancións no ámbito das súas competencias; e demais prestacións de dereito público.

- c).- Ingresos procedentes do seu patrimonio e demais de derito privado; tributos propios clasificados en taxas, contribucións especiais, impostos e recargos esixibles sobre impostos das Comunidades Autónomas ou de outras entidades locais; participación nos tributos do Estado e das Comunidades Autónomas; subvencións; prezos públicos e produto de operacións de crédito;

**12ª.- Segundo a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, as Ordenanzas Fiscais apróbanse definitivamente, no caso de non ter sido presentados recursos contra a súa aprobación provisional:**

- a).- Polo Pleno da Corporación, por maioría absoluta do número legal de membros.
- b).- Polo Alcalde-Presidente do Concello.
- c).- Polo Pleno da Corporación, por maioría simple

**13ª.- O Concello de Xove decide cobrar unha tarifa polo abastecemento de auga nas fontes públicas. ¿Qué tipo de recurso sería ese?**

- a).- Unha taxa.
- b).- Un prezo público.
- c).- Ningunha das dúas despostas anteriores é correcta

**14ª.- Segundo a Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, na Base de Datos Nacional de Subvencións deben rexistrarse:**

- a).- As convocatorias e resolucións de concesión das subvencións concedidas polo Concello de Xove.
- b).- As subvencións recibidas polo Concello de Xove procedentes de outras Administracións Públicas.
- c).-As dúas despostas anteriores son correctas son correctas

**15ª.- Segundo a Orde Ministerial pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais, a aplicación orzamentaria, cuxa expresión cifrada constitúe o crédito orzamentario, virá definido alomenos:**

- a).- Pola conxunción das clasificacións por Programa e Económica co nivel de desagregación que cada Concello determine.
- b).- Pola conxunción das clasificacións por Programa e Económica no nivel de Área de Gasto e Capítulo respectivamente.

- c).- Pola conxunción das clasificacións por Programa e Económica, no nivel de Grupo de Programa ou Programa e Concepto ou Subconcepto, respectivamente.

**16ª.- ¿Cal destas afirmacións sobre a duración do contrato é incorrecta?**

- a) Presumirase que é por tempo indefinido e a tempo completo, agás que se probe o contrario.
- b) Será indefinido cando non houberse sido dado de alta na Seguridade Social unha vez transcorrida a duración fixada para o periodo de proba.
- c) Cando un traballador que ten unha serie de contratos temporais seguidos, pero realmente está a cubrir un posto de traballo fixo na empresa, considerase fraude de lei.

**17ª.- ¿Cal é a retribución dun contrato en prácticas?**

- a) Fixarase no convenio e non pode ser inferior ao 75% u 85% do Salario Mínimo Internacional, en función del trabajo efectivo. Para o 2015 el Salario Mínimo Internacional é de 648,60€ ao mes.
- b) A pactada no convenio e no contrato, sen que poda ser inferior o primeiro ano ao 75% do salario dun traballador da mesma categoría, ou o segundo ano ao 60%.
- c) A pactada no convenio e no contrato, sen que poda ser inferior o primeiro ano ao 60% do salario dun traballador da mesma categoría, ou o segundo ano ao 75%.

**18ª.- O plus de transporte, de distancia, as dietas, os gastos de locomoción, o plus de desgaste de ferramentas, de quebranto de moeda e de roupa de traballo son complementos salariais chamados:**

- a) Suplidos.
- b) Especie.
- c) Salariais.

**19ª.- É requisito das persoas solicitantes dunha subvención ao abeiro do Plan de Emprego Municipal do Concello de Xove na modalidade de autoemprego:**

- a).- Estar anotadas na Oficina Pública de Emprego como demandantes de emprego cunha antigüidade mínima de seis meses.

- b).- Estar anotadas na Oficina Pública de Emprego como demandantes de emprego ou ben como demandantes de mellora de emprego sen necesidade de antigüidade.
- c).- Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**20ª.- As bases do Plan de Emprego Municipal do Concello de Xove na modalidade de Autoemprego establecen o seguinte con respecto a compatibilidades:**

- a).- O **Plan de Emprego Municipal do Concello de Xove** é incompatible coa axuda de Promoción do Emprego Autónomo da Xunta de Galicia, por considerarse que ámbalas dúas teñen o mesmo obxecto.
- b).- O Plan de Emprego Municipal do Concello de Xove é compatible con calquera outra subvención para a mesma finalidade, sempre e cando, conxuntamente, non supere o 100% dos custes da actividade da persoa autónoma.
- c).- Ningunha das respostas anteriores é correcta

**21ª.- A vixente normativa do Procedemento TR301K pola que se establecen as accións formativas do Plan formativo para o emprego da Comunidade Autónoma de Galicia establece que:**

- a).- O custo subvencionable concretarase no produto de horas do curso polo número de persoas alumnas e polo custo unitario da hora de formación por alumno/a.
- b).- O custo subvencionable calcularase en función do custo unitario da hora de formación por alumno/a e do número de horas efectivamente realizadas.
- c).- O custo subvencionable calcularase en función dos custos soportados en edicións anteriores da mesma especialidade.

**22ª.- As solicitudes do procedemento TR301K pola que se establecen as accións formativas do Plan formativo para o emprego da Comunidade Autónoma de Galicia dirixiranse á:**

- a).- Secretaría Xeral de Emprego.
- b).- Xefatura territorial da provincia en que se imparta o curso.
- c).- Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral

**23ª.-A vixente normativa do Procedemento TR301K pola que se establecen as accións formativas do Plan formativo para o emprego da Comunidade Autónoma de Galicia establece a seguinte obriga ás entidades beneficiarias:**

- a).- Dispor de follas de reclamación á disposición de todos os usuarios/consumidores.

- b).- Dispor dunha caixa de suxestións á disposición de todos os usuarios/consumidores.
- c).- A orde antedita non reflicte ningunha das cuestións anteriores entre as obrigas das entidades formadoras.

**24ª.- A vixente normativa do Procedemento TR301K pola que se establecen as accións formativas do Plan formativo para o emprego da Comunidade Autónoma de Galicia establece o seguinte:**

- a).- A imputación de gastos de aluguer e arrendamento financeiro, excluídos os seus xuros non poderá superar o 10% da subvención concedida para a impartición da acción formativa.
- b).- A imputación de gastos asociados non poderá superar o 10% da subvención concedida para a impartición da acción formativa.
- c).- Ningunha das anteriores respostas é correcta

**25ª.- A vixente normativa do Procedemento TR301K pola que se establecen as accións formativas do Plan formativo para o emprego da Comunidade Autónoma de Galicia establece o seguinte:**

- a).- Poderán obter a condición de beneficiarias das subvencións as entidades que, na data de entrada en vigor da correspondente convocatoria, sexan titulares de centros ou entidades de formación acreditados no correspondente certificado de profesionalidade ou tivesen solicitada a inscrición nesa data na correspondente especialidade formativa non vinculada a certificado de profesionalidade.
- b).- Poderán obter a condición de beneficiarias das subvencións as entidades que, na data de entrada en vigor da correspondente convocatoria, sexan titulares de centros ou entidades de formación acreditados no correspondente certificado de profesionalidade ou xustifiquen debidamente a necesidade de impartir na zona de referencia a acción formativa solicitada motivada pola inserción laboral posterior prevista aínda que non realizasen a inscrición nesa data na correspondente especialidade formativa non vinculada a certificado de profesionalidade.
- c).- Ningunha das anteriores respostas é correcta.

**26ª.- A ORDE do 12 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2019 establece o seguinte:**

- a).- Subvencionaranse os contratos que teñan unha duración de 9 meses con xornada a tempo completo.

b).- Subvencionaranse os contratos que teñan unha duración de 9 meses, se a xornada laboral non é a tempo completo, a subvención será proporcional á xornada efectivamente reflectida no contrato.

c).- Subvencionaranse os contratos que teñan unha duración máxima de 9 meses, se a contratación se efectúa cunha duración menor, así coma se a xornada laboral non é a tempo completo, a subvención será proporcional á duración e á xornada efectivamente reflectida no contrato.

**27ª.- O Programa APROL RURAL segundo as bases vixentes convocase en:**

a).- Réxime de concorrencia competitiva.

b).- Réxime de concorrencia non competitiva

c).- Réxime de mínimos

**28ª.- O Programa APROL RURAL segundo as bases vixentes subvenciona:**

a).- As contratacións efectuadas ao abeiro do programa baixo a modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

b).- As contratacións efectuadas ao abeiro do programa baixo a modalidade de contrato de traballo en prácticas.

c).- Ámbalas dúas respostas anteriores son correctas

**29ª.- A Orde do 12 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2019 convocase en:**

a).- Réxime de concorrencia competitiva.

b).- Réxime de concorrencia non competitiva

c).- Réxime de mínimos

**30ª.- O programa de mellora da empregabilidade establecido ao abeiro da Orde do 12 de decembro de 2018 establece:**

a).- Que a duración dos contratos das persoas desempregadas que vaian desenvolver a prestación dos servizos non supere os nove meses desde a súa data de inicio, cando a

xornada sexa a tempo completo. En caso de contratacións a tempo parcial, de ata o 50 por 100, a dita duración máxima poderá estenderse ata os doce meses.

b).- Que a duración dos contratos das persoas desempregadas que vaian desenvolver a prestación dos servizos non supere os tres meses desde a súa data de inicio, cando a xornada sexa a tempo completo. En caso de contratacións a tempo parcial, de ata o 50 por 100, dita duración máxima poderá estenderse ata os seis meses.

c).- Ningunha das anteriores respostas é correcta.

## **PREGUNTAS DE RESERVA**

**1ª.- Sinale cal destes Anexos debe formar parte do contido do expediente de aprobación do Orzamento Municipal:**

a).- O Anexo de Persoal

b).- Un avance da Liquidación do exercicio corrente

c).- As dúas respostas anteriores son correctas

**2.- No Orzamento Municipal, unha vez en vigor coa publicación no Boletín Oficial da Provincia do anuncio da súa aprobación definitiva....**

a).- Non poden introducirse modificacións dos créditos nel consignados durante o exercicio ao que se refire.

b).- Poden realizarse modificacións de crédito sempre e cando, calquera que sexa a modalidade de modificación, se someta previamente a aprobación polo Pleno da Corporación.

c).- Ningunha das anteriores respostas é correcta.

**3ª.- O programa de mellora da empregabilidade establecido ao abeiro da Orde do 12 de decembro de 2018 establece:**

a).- Que a entidade beneficiaria deberá proporcionar ao persoal contratado unha tarxeta identificativa que deberá levar cando estea a realizar a actividade obxecto da subvención.

b).- Que cando sexa preciso a utilización de roupa de traballo específica, esta será identificada segundo os modelos publicados.

c).- Ámbalas dúas anteriores respostas son correctas

Rematado o prazo fixado para a realización da proba polo Tribunal procédese á corrección e puntuación dos exámes de acordo co establecido nas Bases reguladoras do procedemento selectivo.

### **PLANTILLA CORRECTORA.**

## **EXÁME TEÓRICO CONCURSO OPOSICIÓN PRAZA DE ADMINISTRATIVO/A ( FUNCIONARIO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREAS).**

### **PREGUNTAS MATERIAS COMÚNS**

**1ª.- Dos seguintes dereitos ou liberdades públicas cal deles non ten a consideración de fundamental na vixente Constitución Española:**

- **Dereito ao secredo das comunicacións.**
- **Dereito á Propiedade Privada.**
- **Dereito á liberdade de catedra.**

b).- Dereito á propiedade privada.

**2ª.- Conforme ao disposto na Constitución Española e/ou no Estatuto de Autonomía de Galicia a alteración dos límites provinciais dalgunha das catro provincias galegas deberá ser aprobada:**

c).- Polas Cortes Xerais mediante Lei Orgánica.

**3ª.- En que Lei se reflicten e regulan os principios de actuación e funcionamento das Administracións Públicas.**

b).- Lei 40/2015, do 1 de outubro.

**4ª.- Dos seguintes actos administrativo cal deles non é nulo de pleno dereito:**

- **Os dictados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.**
- **Os que establezan a retroactividade de disposicións sancionadoras non favorables.**
- **Os que incurran en desviación de poder.**

c).- Os que incurran en desviación de poder.

**5ª.- Respecto do persoal eventual cal das seguintes afirmacións non é correcta:**

b).- A condición de persoal eventual poderá constituir mérito para o acceso á función pública.

### **PREGUNTAS MATERIAS ESPECÍFICAS**

**6ª.- Que órganos existen en todos os Concellos:**

c).- O/A Alcalde/sa e o Pleno.

**7ª.- A quen corresponde fixar a contía das retribucións complementarias fixas e/ou periódicas dos funcionarios municipais:**

b).- O Pleno.

**8ª.- Con carácter general a quen corresponde o outorgamento das licencias urbanísticas;**

a).- O Alcalde/sa.

**9ª.- A aplicación a un procedemento administrativo da tramitación de urxencia supón:**

a).- A redución á metade dos prazos establecidos para o procedemento ordinario, agás os relativos á presentación da solicitude e recursos.

**10ª.- Os actos administrativos serán en todo caso obxecto de publicación cando:**

a).- Cando o acto teña por destinatario a unha pluralidade indeterminada de persoas.

**11ª.- A Facenda das Entidades Locais está constituída polos seguintes recursos:**

a).- Ingresos procedentes do seu patrimonio e demais de derito privado; tributos propios clasificados en taxas, contribucións especiais, impostos e recargos esixibles sobre impostos das Comunidades Autónomas ou de outras entidades locais; participación nos tributos do Estado e das Comunidades Autónomas; subvencións; prezos públicos; produto de operacións de crédito; produto de multas e sancións no ámbito das súas competencias; e demais prestacións de dereito público.

**12ª.- Segundo a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, as Ordenanzas Fiscais apróbanse definitivamente, no caso de non ter sido presentados recursos contra a súa aprobación provisional:**

b).- Polo Alcalde-Presidente do Concello.

**13ª.- O Concello de Xove decide cobrar unha tarifa polo abastecemento de auga nas fontes públicas. ¿Qué tipo de recurso sería ese?**

c).- Ningunha das dúas despostas anteriores é correcta

**14ª.- Segundo a Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, na Base de Datos Nacional de Subvencións deben rexistrarse:**

a).- As convocatorias e resolucións de concesión das subvencións concedidas polo Concello de Xove.

**15ª.- Segundo a Orde Ministerial pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais, a aplicación orzamentaria, cuxa expresión cifrada constitúe o crédito orzamentario, virá definido alomenos:**

c).- Pola conxunción das clasificacións por Programa e Económica, no nivel de Grupo de Programa ou Programa e Concepto ou Subconcepto, respectivamente.

**16ª.- ¿Cal destas afirmacións sobre a duración do contrato é incorrecta?**

b) Será indefinido cando non houberse dado de alta na Seguridade Social unha vez transcorrida a duración fixada para o periodo de proba.

**17ª.- ¿Cal é a retribución dun contrato en prácticas?**

c) A pactada no convenio e no contrato, sen que poda ser inferior o primeiro ano ao 60% do salario dun traballador da mesma categoría, ou o segundo ano ao 75%.

**18ª.- O plus de transporte, de distancia, as dietas, os gastos de locomoción, o plus de desgaste de ferramentas, de quebranto de moeda e de roupa de traballo son complementos salariais chamados:**

a) Suplidos.

**19ª.- É requisito das persoas solicitantes dunha subvención ao abeiro do Plan de Emprego Municipal do Concello de Xove na modalidade de autoemprego:**

b).- Estar anotadas na Oficina Pública de Emprego como demandantes de emprego ou ben como demandantes de mellora de emprego sen necesidade de antigüidade.

**20ª.- As bases do Plan de Emprego Municipal do Concello de Xove na modalidade de Autoemprego establecen o seguinte con respecto a compatibilidades:**

b).- O Plan de Emprego Municipal do Concello de Xove é compatible con calquera outra subvención para a mesma finalidade, sempre e cando, conxuntamente, non supere o 100% dos custes da actividade da persoa autónoma.

**21ª.- A vixente normativa do Procedemento TR301K pola que se establecen as accións formativas do Plan formativo para o emprego da Comunidade Autónoma de Galicia establece que:**

b).- O custo subvencionable calcularase en función do custo unitario da hora de formación por alumno/a e do número de horas efectivamente realizadas.

**22ª.- As solicitudes do procedemento TR301K pola que se establecen as accións formativas do Plan formativo para o emprego da Comunidade Autónoma de Galicia dirixiranse á:**

b).- Xefatura territorial da provincia en que se imparta o curso.

**23ª.-A vixente normativa do Procedemento TR301K pola que se establecen as accións formativas do Plan formativo para o emprego da Comunidade Autónoma de Galicia establece a seguinte obriga ás entidades beneficiarias:**

a).- Dispor de follas de reclamación á disposición de todos os usuarios/consumidores.

**24ª.- A vixente normativa do Procedemento TR301K pola que se establecen as accións formativas do Plan formativo para o emprego da Comunidade Autónoma de Galicia establece o seguinte:**

- c).- Ningunha das anteriores respostas é correcta

**25ª.- A vixente normativa do Procedemento TR301K pola que se establecen as accións formativas do Plan formativo para o emprego da Comunidade Autónoma de Galicia establece o seguinte:**

- a).- Poderán obter a condición de beneficiarias das subvencións as entidades que, na data de entrada en vigor da correspondente convocatoria, sexan titulares de centros ou entidades de formación acreditados no correspondente certificado de profesionalidade ou tivesen solicitada a inscrición nesa data na correspondente especialidade formativa non vinculada a certificado de profesionalidade.

**26ª.- A ORDE do 12 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2019 establece o seguinte:**

- a).- Subvencionaranse os contratos que teñan unha duración de 9 meses con xornada a tempo completo.

**27ª.- O Programa APROL RURAL segundo as bases vixentes convocase en:**

- b).- Réxime de concorrencia non competitiva

**28ª.- O Programa APROL RURAL segundo as bases vixentes subvencionaa:**

- a).- As contratacións efectuadas ao abeiro do programa baixo a modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

**29ª.- A Orde do 12 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2019 convocase en:**

- a).- Réxime de concorrencia competitiva.

**30ª.- O programa de mellora da empregabilidade establecido ao abeiro da Orde do 12 de decembro de 2018 establece:**

b).- Que a duración dos contratos das persoas desempregadas que vaian desenvolver a prestación dos servizos non supere os tres meses desde a súa data de inicio, cando a xornada sexa a tempo completo. En caso de contratacións a tempo parcial, de ata o 50 por 100, dita duración máxima poderá estenderse ata os seis meses.

## PREGUNTAS DE RESERVA

**1ª.- Sinale cal destes Anexos debe formar parte do contido do expediente de aprobación do Orzamento Municipal:**

c).- As dúas respostas anteriores son correctas

**2.- No Orzamento Municipal, unha vez en vigor coa publicación no Boletín Oficial da Provincia do anuncio da súa aprobación definitiva....**

c).- Ningunha das anteriores respostas é correcta.

**3ª.- O programa de mellora da empregabilidade establecido ao abeiro da Orde do 12 de decembro de 2018 establece:**

c).- Ámbalas dúas anteriores respostas son correctas

Rematada a revisión e puntuación o Tribunal por unanimidades dos seus membros acorda:

PRIMEIRO: Outorgar as seguintes puntuacións:

**MARTA DUARTE GARCÍA : 18´75**  
**PATRICIA VIGO MURIEL : 5´60**  
**NAZARET CASTELAO ALONSO: 8´00**  
**MARTINA GÓMEZ MARTINEZ: 14´50**  
**INÉS MARTÍNEZ ROUCO : 3´50**  
**MARÍA FÉ SIXTO PERNAS: 8´25**  
**MIRIAM FERNÁNDEZ GÓMEZ: 11´50**  
**ISABEL VICTORIA LAMELAS GARCÍA : 9´50**  
**MONTSERRAT FERNÁNDEZ DOCE: 8´00**

**LUCÍA LÓPEZ PEREIRA : 12´75**  
**BARBARA DONAPETRY CAMACHO: 1´25**

SEGUNDO. De acordo co estipulado nas Bases e tendo en conta o carácter eliminatorio da proba, pasan á fase de o concurso os seguintes opositores:

**MARTA DUARTE GARCÍA : 18´75**

A seguir o Tribunal procede ao exame e puntuación dos méritos presentados polos aspirantes segundo os criterios fixados na Base Oitava.

Concluído dito exáme e valoración o Tribunal por unanimidade dos seus membros acorda:

TERCEIRO: Outorgar as seguintes puntuacións aos méritos alegados e acreditados polos aspirantes:

**MARTA DUARTE GARCÍA.**

Experiencia Profesional: 15

Formación Académica: 5

Total: 20

CUARTO. De acordo co estipulado nas Bases a puntuación final obtida polo único aspirante que superou ambas dúas fases do concurso-oposición é a seguinte:

**MARTA DUARTE GARCÍA.**

Oposición: 18´75

Concurso Meritos: 20

Total: 38´75

QUINTO.- Os interesados poderán solicitar a vista e revisión dos exercicios de forma presencial na Secretaria Xeral do Concello de Xove os días 1 e 2 de agosto de 2019 en horario de 10 a 14 horas.

SEXTO.- Propoñer ao Sr. Alcalde Presidente a adxudicación da praza á aspirante que ten obtido a mellor puntuación Dona Marta Duarte García aos efectos da posterior toma de posesión.

SÉTIMO.- Notifíquese telematicamente a presente Acta aos interesados e publíquese no Taboleiro Municipal de Anuncios e na páxina web municipal [www.xove.es](http://www.xove.es)..

Non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia, levantouse a sesión sendo as 11´30 horas da data citada no encabezamento extendéndose por min, Secretario, a presente Acta para constancia.

Vº Pr.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO

Asdo. Alberto Rapa Martínez.

Asdo. Pablo Sánchez Lage.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE